



Deputación  
Pontevedra



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO PARA PUBLICITAR A IMAXE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO CIRCUITO COPA DEPUTACIÓN BTT A CELEBRARSE NA PROVINCIA NO ANO 2015**

Pontevedra, 17 de xuño de 2015

**REUNIDOS**

D. Rafael Louzán Abal, actuando en representación da Deputación de Pontevedra, en virtude do seu cargo de presidente de conformidade co establecido no art.34.1b) da lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.


D. Juan Carlos Muñiz Nieto, en calidade de presidente da Federación Galega de Ciclismo, con CIF G-36644870 e domicilio social na rúa Luis Ksado nº 17, municipio de Vigo.

D. Carlos Cuadrado Romay , Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando domo fedatario público do presente convenio.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, recoñecéndose reciprocamente a capacidade de celebrar o presente convenio, acordan establecer, e a tal efecto:

**EXPOÑEN**

A Federación Galega de Ciclismo e a Excelentísima Deputación Provincial de Pontevedra ante a conveniencia de intensificar as relacións deportivas entre ámbalas dúas institucións, consideran que os obxectivos de este convenio axudan de xeito importante a promoción e difusión da imaxe



Deputación  
Pontevedra



corporativa provincial no ámbito do ciclismo na provincia, e a nivel nacional, pola importancia e carácter das probas a organizar.

Para levar a cabo este Convenio de Extensión Cultural e Deportiva, ámbalas dúas institucións,

### ACORDAN

1º.- A Excm. Deputación de Pontevedra considera moi importante a promoción e a difusión da imaxe corporativa da institución provincial no ámbito do ciclismo na provincia, e a nivel autonómico e nacional pola relevancia dos eventos, e dado que achegará a cantidade de 6.000,00€ e polo que a Federación Galega de Ciclismo, estará obrigado o seguinte:

- ✓ Dar o nome do circuito composto por nove probas, como “Copa Deputación de Pontevedra Mini BTT 2015”. A relación das probas son:
  - II Trofeo Mini BTT en Castrelos, Vigo o 10 de maio.
  - VI Mini BTT Montes de Coruxo, Vigo o 23 de maio.
  - II Trofeo Mini BTT Concello de Cambados o 31 de maio.
  - I Trofeo Praia de Lourido, Poio o 13 de xuño.
  - V Trofeo Mini BTT Ría de Marín, Marín o 28 de xuño.
  - III Trofeo Parque Punta Bicaño, Sanxenxo o 12 de xullo.
  - V Trofeo Mini BTT Guláns, Pontearreas o 26 de xullo.
  - I Trofeo Parque Forestal do Vixiador, Vigo o 23 de agosto.
  - III Mini DH Montes de Coruxo, Vigo o 29 de agosto.
- ✓ Inserir o logo da Deputación Provincial de forma destacada en todos os comunicados de prensa e papelería oficial.
- ✓ Logos da Deputación de forma destacada no photocall nas presentacións e entrega de premios nos mencionados eventos.
- ✓ Pancartas da Deputación de Pontevedra en cada unha das nove probas.



Deputación  
Pontevedra



- ✓ Presenza persoal destacada de representantes da Deputación na presentación a medios de comunicación das probas e na entrega de entrega de premios de cada unha delas.
- ✓ Comunicado co anuncio da firma de o acordo de patrocinio no evento.
- ✓ Rolda de prensa e presentación oficial os medios de comunicación e o público en xeral dos eventos.

2º- Establécese a cantidade de SEIS MIL EUROS (6.000,00€), IVE incluído, con cargo á aplicación 15/340.3410.489.02 como contribución da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, para poder cubrir este convenio de extensión e apoio deportivo.

3º.- A Deputación Provincial de Pontevedra subvencionará á Federación Galega de Ciclismo, a citada cantidade de 6.000,00€, con cargo a aplicación orzamentaria 15/340.3410.489.02, que poderá aboarse o 50% á firma do convenio e o outro 50% unha vez que se xustifique, en todo caso antes do 31 de xaneiro de 2016, con:

- a.- Memoria das nove probas (II Trofeo Mini BTT en Castrelos, VI Mini BTT Montes de Coruxo, II Trofeo Mini BTT Concello de Cambados, I Trofeo Praia de Lourido, V Trofeo Mini BTT Ría de Marín, III Trofeo Parque Punta Bicaño, V Trofeo Mini BTT Guláns, I Trofeo Parque Forestal do Vixiador e III Mini DH Montes de Coruxo).
- b.- Memoria fotográfica da publicidade da Deputación de Pontevedra inserida nos eventos
- c.- Certificación da Federación de que a referida publicidade está exposta durante la celebracións das diferentes probas antes citadas.

4º.- A vixencia do presente convenio remata o 31 de decembro de 2015



Deputación  
Pontevedra



5º.-As obrigas recollidas no presente convenio de colaboración quedarán suxeitas a Lei 38/03, Xeral de Subvencións, así como o establecido nas bases de execución do Orzamento Provincial e demais disposicións de desenvolvemento.

E como proba da firme vontade de fomentar o desenvolvemento cultural e deportivo de Galicia, e en particular da provincia de Pontevedra, firmase o presente Convenio no lugar e data do encabezado.

**O PRESIDENTE**

Asdo.-Rafael Louzán Abal

**FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO**

Asdo.-Juan Carlos Muñiz Nieto